



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2023/24 |
| Asignatura (*) | As TIC Aplicadas ao Turismo | Código | 662G01023 | |
| Titulación | Grao en Turismo | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información | | | |
| Coordinación | Ramos Montes, Oscar | Correo electrónico | oscar.ramos@udc.es | |
| Profesorado | Ramos Montes, Oscar | Correo electrónico | oscar.ramos@udc.es | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | A finalidade desta materia é estudar as ferramentas das TIC necesarias para a xestión e control dos sistemas de información informatizados na empresa turística, así como as ferramentas necesarias para a análise da información como elemento fundamental para a toma de decisións no ámbito empresarial. Adquiriranse competencias básicas en xestores de follas de cálculo, intelixencia dos negocios e sistemas de distribución global (GDS). | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A12 | Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas. |
| A13 | Manexar técnicas de comunicación. |
| A20 | Coñecer o procedemento operativo do ámbito de aloxamento. |
| A24 | Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico. |
| A32 | Detectar necesidades de planificación técnica de infraestruturas e instalacións turísticas. |
| B1 | Capacidade de análise e síntese. |
| B2 | Comunicación oral e escrita en lingua nativa. |
| B3 | Resolución de problemas. |
| B4 | Razoamento crítico. |
| B5 | Compromiso ético. |
| B6 | Aprendizaxe autónoma. |
| B7 | Adaptación a novas situacións. |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma. |
| C2 | Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
| | |



| | | | |
|--|---------------------------------|--|--|
| Adquirir habilidades no uso dos xestores de follas de cálculo | A12 A13 A20 A24 A32 | B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 |
| Coñecer os conceptos básicos da Intelixencia dos Negocios (BI) e adquirir habilidades no uso de ferramentas de xestión desta disciplina. | A12 A13 A20 A24 A32 | B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 |
| Adquirir habilidades no uso dos Sistemas Globais de Distribución (GDS). | A12 A13 A20 A24 A32 | B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 |
| Adquirir habilidades de análises, tratamento e interpretación da información dixital. | A12 A13 A20 A24 A32 | B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 | C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 |
| Integrar a planificación e a organización como habilidades de estudo e traballo colaborativo na contorna virtual da UDC. | A12 A13 A20 A24 A32 | B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 | C1 C2 C3 C6 C7 C8 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|--|---|
| <p>Módulo I. Xestión e control dos sistemas globais de distribución (GDS). Sistema Amadeus básico.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Sistema Amadeus. - Codificación de cidades, transportistas e países. - Consulta de voos. - Creación dun PNR: elementos obrigatorios. - Elementos opcionais. - Gardar un PNR. - Recuperación dun PNR. - Modificación dunha reserva. - Cancelación dunha reserva. - Tarificación: FXP. - Tarificación: Best Buy. - Emisión: elementos obrigatorios. |
| <p>Módulo II - A Tratamento dixital de datos numéricos con Excel.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Contorna de traballo: organización de celas, follas e libros, introdución de datos. - Fórmulas: copia relativa, absoluta e mixta. - Formato e impresión dunha folla de cálculo. - Gráficos. - Funcións. - Manexo de bases de datos: táboas. - Ordenar, filtrar e subtotalizar datos. - Táboas dinámicas. - Formato condicional. - Validación, agrupamento e consolidación de datos. - Análise de hipótese: buscar obxectivos, escenarios, Solver. - Seguridade de follas e libros. |
| <p>Módulo II - B Introdución á Intelixencia de Negocios. Power BI.</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Introducción ao BI: características, tipos, arquitectura, ferramentas. - Power BI. - Mecanismos de ETL con Power Query. - Modelización e creación de medidas con DAX. - Visualización da información: Creación de informes. - Servizo Power Bi na nube. |

| Planificación | | | | |
|---------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 10 | 15 | 25 |
| Traballos tutelados | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 6 | 25 | 31 |
| Prácticas a través de TIC | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 21 | 21 | 42 |



| | | | | |
|---|---|---|----|----|
| Proba práctica | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 4 | 32 | 36 |
| Proba obxectiva | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 1 | 14 | 15 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Sesións expositivas nas que o profesor fará unha introdución de cada un dos distintos temas dos que consta o programa, amosando os aspectos máis relevantes que o alumnado debe ter en conta coa finalidade de preparar a proba obxectiva. |
| Traballos tutelados | Ao longo do cuadrimestre o alumnado deberá facer un traballo cuxos criterios e contidos estarán a disposición do alumnado no Campus virtual. Aínda que este traballo deberá ser desenvolvido mediante o traballo autónomo do alumnado, o profesor dará na aula as explicacións oportunas dos obxectivos e criterios de avaliación e, así mesmo, proporcionará a pertinente atención personalizada en horario de titoría grupal. |
| Prácticas a través de TIC | Sesións eminentemente interactivas, nas que o alumnado deberá resolver, mediante a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, exercicios vinculados ás diferentes competencias tecnolóxicas propostas no temario. |
| Proba práctica | Ao longo do cuadrimestre o alumnado terá que facer varias probas prácticas nas que se avaliará os temas correspondentes ao módulo de Ofimática ou BI, no seu caso. Cada unha destas probas consistirá en resolver diferentes exercicios usando as aplicacións informáticas axeitadas a cada módulo avaliado. |
| Proba obxectiva | Ao remate do cuadrimestre o alumnado terá que realizar unha proba obxectiva dos contidos teóricos da materia. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Traballos tutelados | A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia terá a posibilidade de contactar co profesor usando os métodos en liña habituais: Moodle, correo electrónico, etc. |

| Avaliación | | | |
|---------------------------|---|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Prácticas a través de TIC | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Avaliación dunha serie de prácticas sobre o contido da materia. | 10 |



| | | | |
|---------------------|---|--|----|
| Proba obxectiva | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | A proba obxectiva consistirá na resolución de varias cuestións do módulo correspondente á aplicación GDS. Esta proba poderá combinar distintos tipos de preguntas: resposta múltiple, verdadeiro/falso, completar e resposta breve. | 25 |
| Traballos tutelados | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Realización dun informe sobre a reputación online dun hotel, cuxos criterios de avaliación poderán ser consultados na plataforma Moodle. | 25 |
| Proba práctica | A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | Avaliación dunha serie de probas ou exames do contido eminentemente práctico da materia. As probas prácticas non realizadas teranse que repetir na segunda oportunidade, independentemente da media obtida. | 40 |

Observacións avaliación

Primeira oportunidade A cualificación final da materia obterase da ponderación das 4 partes xa mentadas: Probas prácticas (40%), Proba obxectiva (25%), Traballos tutelados (25%) e Prácticas a través de TIC (10%).

Aquelas partes que teñan unha cualificación inferior a 4 puntos deberán ser repetidas na segunda oportunidade, independentemente da media obtida (de darse esta situación, e se a media é superior a 5, a cualificación final constará como 4,5).

Terá a cualificación de Non presentado o alumnado que non faga o traballo tutelado e ningunha das probas prácticas e obxectiva.

Segunda oportunidade O alumno/a quedará liberado das partes xa superadas na primeira oportunidade, tan só terá que repetir as partes indicadas polo profesor no seu momento.

No caso de ter que repetir as probas prácticas, farase un único exame dos devanditos contidos.

Terán a cualificación de Non presentado os alumnos/as que non fagan ningunha das partes pendentes.

Convocatoria adiantada

A avaliación na convocatoria adiantada consistirá nun exame teórico-práctico do temario da materia. O alumnado deberá poñerse en contacto co docente para acordar con exactitude os contidos e criterios da devandita proba.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/212):

O alumnado comunicará esta situación o máis axiña posible ao profesor, coa finalidade de seren informados dos criterios da avaliación da materia. En xeral, a avaliación farase conforme ao establecido para o alumnado presencial, agás a proba práctica que se efectuará nun exame único xunto coa proba obxectiva. Copia e/ou plaxio:

Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Artigo 14 das Normas

de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grado e mestrado da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Ferrari, Alberto; Russo, Marco (). Introducing Microsoft Power BI.. Ed. Microsoft Press
- Alexander, Michael (). Excel 2016 (Manual avanzado). Ed. ANAYA MULTIMEDIA
Recursos web: Aprendizajes en vídeo de Excel Documentación de Power BI Tutorial Power BI Expresiones DAX Tipos de visualización en Power BI Amadeus Selling Platform Videotutorial de Amadeus críptico



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Luis Joyanes Aguilar (). Inteligencia de negocios y analítica de datos . Ed. Marcombo- Charle, Francisco. (). Excel 2016 (Manual avanzado). Ed. ANAYA MULTIMEDIA- Clark, Dan (). Beginning Microsoft Power BI: A Practical Guide to Self-Service Data Analytics..- Rigollet, Pierre (). Cuadros resumen y cuadros de mando - Tratamiento y análisis de datos con Excel 2016. Ed. ENI- Alexander, Michael (). Excel Dashboards and Reports for Dummies, 3rd Edition. Ed. John Wiley & Sons- Nelson, Stephen L (). Excel Data Analysis For Dummies, 2nd edition. Ed. John Wiley & Sons <p>Recursos web:Manual usuario Amadeus All FaresMOOC Power BIMOO EDX: Data Analysis: Building Your Own Business DashboardMOOC EDX: Data Analysis: Visualization and Dashboard DesignRecursos web:Manual usuario Amadeus All FaresMOOC Power BIMOO EDX: Data Analysis: Building Your Own Business DashboardMOOC EDX: Data Analysis: Visualization and Dashboard Design</p> |
|------------------------------------|--|

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Atención á diversidade:

A materia

poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas

encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva,

de aprendizaxe

ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar, nos

prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre

académico, cos servizos dispoñíbeis no Centro, coa Unidade de Atención á

Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>)

o, no seu defecto, coa tutora ADI da Facultade de Turismo.Perspectiva de xénero: Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación

para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (uso de linguaxe non sexista...). Traballarase para identificar

e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influir na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Tratarase de detectar

situacións de discriminación por razón de xénero e de propor accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías